



## Anexo 2

### RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. expediente: **36/00003/2019**

Examinada a solicitude achegada o 24/05/19, por don/a JAVIER BAS CORUGUEIRA, en nome e representación da entidade **CONCELLO DE REDONDELA** (CIF núm. P3604500C) coa finalidade de obter unha subvención para a realización do proxecto de obradoiro de emprego/ denominado "REDONDELA SOSTIBLE" dirixido as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, emítase esta resolución tendo en conta os seguintes

#### FEITOS

Primeiro.

Con data do 24/05/19, e dentro do prazo establecido para este efecto, don/a. JAVIER BAS CORUGUEIRA, en nome e representación da entidade CONCELLO DE REDONDELA achega unha solicitude de subvención para a realización do proxecto de obradoiro de emprego denominado REDONDELA SOSTIBLE, dirixido as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Xunto coa devandita solicitude, achégase a documentación esixida para os proxectos de obradoiro de emprego pola Orde do 4 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (*DOG nº 79, do 25 de abril de 2019*).

Segundo.

Esta axuda enmárcase dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, nunha porcentaxe do 91,89%.

Terceiro.

O día 15 de xullo de 2019 tivo lugar a sesión da Comisión Central de Valoración que avalía as solicitudes de subvencións para a posta en funcionamento de proxectos de





obradoiros de emprego dirixido as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, segundo o establecido no art. 21 da antedita orde.

Cuarto.

Con data do 24/07/2019, o Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo, emitiu a correspondente proposta de resolución, de acordo co disposto no art. 24 da referida orde.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.

A competencia para ditar a presente resolución vén dada polo disposto no art. 24 en relación coa disposición adicional segunda da Orde do 4 de abril de 2019 xa referida.

Segundo.

Na tramitación do procedemento seguíronse as prescricións establecidas pola normativa que a continuación se relaciona:

- Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (DOUE do 20 de decembro de 2013)

- Regulamento (UE) Nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Consello (DOUE do 20 de decembro de 2013).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm 121, do 25 de xuño de 2007) .





- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2009).

- Orde do 4 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (*DOG nº 79 do 25 de abril de 2019*)

Terceiro.

A entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos na citada Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 4 de abril de 2019.

Cuarto.

Tendo en consideración os criterios de valoración previstos no artigo 22 da referida orde, a documentación que integra o expediente, a tipoloxía e características do proxecto examinado así como a puntuación e o contido do informe técnico emitido polo/a respectivo/a xefe/a territorial, xunto coas dispoñibilidades orzamentarias e a súa distribución territorial, outorgouse ao proxecto examinado unha puntuación de 44 puntos, polo que a Comisión Central de Valoración informou favorablemente a concesión á devandita entidade dunha subvención polo importe global de 180.021,28 € euros coa referida finalidade, para 16 alumnos/as-traballadores/as, e cunha duración de 6 meses. Á vista do anterior, o Servizo de Orientación e Promoción Laboral desta xefatura territorial emitiu a proposta de resolución favorable á concesión da referida subvención.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este/a xefe/a territorial,

**RESOLVE:**

Primeiro.- Outorgar unha subvención á/ao **CONCELLO DE REDONDELA**, polo importe global de **180.021,28 € euros**, con cargo ao orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os salariais derivados dos contratos de traballo que se





subscriba co alumnado, para a realización do proxecto do **obradoiro de emprego** denominado "REDONDELA SOSTIBLE" dirixido as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para 16 alumnos/as traballadores/as, distribuídos nas seguintes especialidades formativas, segundo o detalle que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.- Autorizar como obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto:

- Realización de mobiliario urbano e de estruturas de madeira e arranxo de desperfectos e tratamento con vernices e lacas.

-Deseño de campañas publicitarias, folletos informativos, cartelería, sinalización.

Terceiro.- Esta resolución non exime á entidade beneficiaria desta subvención de obter as autorizacións administrativas que resulten necesarias para a execución das obras obxecto de actuación.

Cuarto.- O aboamento das cantidades a subvencionar nos seguintes exercicios orzamentarios queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia nos respectivos exercicios.

Quinto.- Notifíquese este acto ao/á solicitante, informándolle que:

a) Os custos de formación profesional para o emprego e os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriba con alumnado poderán ser cofinanciados pola Unión Europea, a través do **Fondo Social Europeo, mediante o Programa Operativo de Emprego Xuvenil do período 2014-2020**, nunha porcentaxe do 91,89%.

b) Deberá cumprir coas seguintes obrigas establecidas pola lexislación vixente:

- Realizar as actividades para as que se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas na orde de convocatoria desta subvención e nas resolucións, instrucións ou circulares que a desenvolvan.
- Acondicionar e dotar as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade e saúde laboral que permitan o normal desenvolvemento das actividades formativas desde o inicio do proxecto.
- Formar ás persoas participantes nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais contidas no plan formativo e contratar ao alumnado participante, na modalidade contractual e pola duración prevista no artigo 4





da orde referida, e formalos nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais ou oficios obxecto do programa.

- Acreditar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da axuda ou subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida co fin de comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.
- Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria ou da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa así como as previstas no artigo 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Consello de Contas, así como do Tribunal de Contas relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do Fondo Social Europeo, que comprenderán as oportunas visitas sobre o terreo, e ás cales poidan corresponder, no suposto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, á Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas.
- Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como aqueles estados contables e rexistros específicos sexan exixidos pola orde reguladora desta subvención, coa identificación e conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, para garantir a rastrexabilidade dos pagamentos e o seguimento da pista de auditoría.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será publicada no Diario Oficial de Galicia.
- Comunicar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención doutras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto ou finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional, no momento de presentar a solicitude así como con ocasión da xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do derradeiro pagamento.
- Procurar a inserción laboral posterior das persoas desempregadas







participantes nos proxectos, ben como traballador ou traballadora por conta allea ou ben mediante a súa constitución en traballadores ou traballadoras autónomos ou por conta propia.

- Respetar as normas de subvencionabilidade do gasto financiado polo FSE, reguladas na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE durante o período de programación 2014-2020 e mediante os artigos 69 e 125 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro de 2013 e o artigo 13 do Regulamento (UE) 1304/2013, do 17 de decembro de 2013, modificados polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, así como as que se diten no seu desenvolvemento para o período 2014-2020.
- Aceptar a súa inclusión na lista de persoas beneficiarias publicada segundo o disposto no artigo 115 apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046.
- Comunicar a todas as persoas que participan no proxecto que os custos derivados da súa realización son cofinanciados polo Fondo Social Europeo, nun 91,89%, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, para o período 2014-2020.
- Cumprir con cantas obrigas deriven da normativa de aplicación do cofinanciamento polo FSE Iniciativa de Garantía Xuvenil, de conformidade co establecido no apartado seguinte.
- Remitir á xefatura territorial correspondente da Consellería de Economía, Emprego e Industria copia cotexada dos certificados de aproveitamento, nos que conste o número de horas da formación recibida e a cualificación final, entregados ao alumnado participante no proxecto.
- Garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no deseño e desenvolvemento do proxecto
- Procurar, na execución do obradoiro, un uso non sexista da linguaxe e velar por transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.

c) Ademais, e en relación co cofinanciamento polo Fondo Social Europeo e o seu seguimento, queda sometida ás obrigas que de seguido se indican:

- Relacionadas coas medidas de información e publicidade: para os efectos de difusión pública, e seguindo as medidas establecidas na normativa aplicable (anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do 17 de decembro de 2013), modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, deberá identificar convenientemente as actividades, obras e servizos que desenvolva o proxecto subvencionado, especialmente a través de publicidade estática realizada por medio de vallas, carteis ou paneis que, colocados en lugar visible, tamén informarán do cofinanciamento do obradoiro de emprego pola Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.





Así mesmo, o dito cofinanciamento deberá ser posto en coñecemento das persoas que participen no proxecto. Tamén deberán facer unha breve descrición da operación na súa páxina web destacando o apoio financeiro da Unión Europea a través do FSE, Programa operativo de emprego xuvenil.

- Relacionadas coas verificacións administrativas e sobre o terreo, e sen prexuízo da obriga de xustificacións das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro e na orde de referencia:

-Deberá levar un sistema de contabilidade separada ou código contable adecuado en relación con todos os gastos subvencionados.

-Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicacións dos fondos recibidos, durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro do ano seguinte á presentación da certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013 modificado polo Regulamento(UE, Euratom) 2018/1046, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) Deberá realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (CE) nº 1304/2013 modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, relativo ao Fondo Social Europeo.

d) Deberá remitir á Consellería de Economía, Emprego e Industria, antes de que remate a operación, segundo o disposto no artigo 5 do Regulamento (UE) 1304/2013 de 17 decembro, os datos persoais, previos ao inicio da actuación das persoas participantes, no formato que se determine no seu momento.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada perante o órgano xurisdiccional competente da orde contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que poida facer uso do requirimento previo ao que alude o artigo 44 da dita Lei 29/1998 e de interpoñer aqueles outros recursos que estime oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses.

O/A xefe/a territorial





## ANEXO Á RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. de expediente<sup>1</sup>: 36/00003/2019

Denominación do obradoiro de emprego: REDONDELA SOSTIBLE

Entidade promotora: CONCELLO DE REDONDELA

Aplicación orzamentaria: 09.41.5.322A.4602 CP 2018 00017

1.- Subvención concedida: 180.021,28 € euros.

1.1.- Subvención para gastos de formación e funcionamento:

Datas previstas		Núm. alumnos/as-traballadores	Núm. horas	Importe módulo A	Importe módulo B	Total
Inicio	Remate					
30/09/19	29/03/20	16	960	52.531,20 €	14.438,40 €	66.969,96 €

1.2.- Subvención para gastos salariais de alumnos/as-traballadores/as participantes:

Núm.contratos	Total subvención
16	113.051,68 €

2.- Número de alumnos/as-traballadores/as especialidades:

Código	Especialidade	Núm. Alumnos/as-traballadores/as
MAMD0109/0209//		
MAMS0108	CARPINTERIA E VERNIZADO	8
ARGG0110	DESEÑO GRÁFICO	8

3.- Outras condicións:

O/A xefe/a territorial

P.A. (D.135/2017, de 28 de decembro)

A xefa do Servizo de Coordinación Admva.

E Xestión Económica

Ana Rodríguez Senra

<sup>1</sup> Corresponde ao da aplicación informática corporativa do programa de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

